O fascinante polbo

Os polbos son animais mariños con corpo redondeado, ollos saltóns e oito longos tentáculos. Os seus tentáculos son moi fortes e están recubertos de ventosas moi potentes. Os polbos viven en todos os océanos do mundo, pero especialmente nas cálidas augas tropicais. Adoitan estar no fondo do océano, onde atopan a súa comida favorita. Gústalles comer cangrexos, gambas e peixes pequenos. Capturan as presas coas súas ventosas e logo lévanas á boca.

Os polbos acostuman a vivir sós en goridas que constrúen con pedras. Mesmo ás veces colocan pedras como "porta" nas súas goridas, que pechan para estar a salvo.

Un polbo diante da súa gorida.



Un polbo expulsa tinta para escapar do perigo.

Un polbo asusta os predadores coas súas manchas.

Escapar do perigo

Os polbos poden escapar do perigo porque nadan moi rápido e poden lanzarlle unha nube densa de tinta escura a calquera atacante. Isto proporciónalles tempo suficiente para fuxiren rapidamente.

Os polbos tamén son expertos en camuflarse. Poden cambiar a cor da súa pel a rosa, azul, marrón ou verde para mimetizarse coas pedras, coa area e co coral que teñan ao redor, e facerse invisibles. Os polbos poden parecer simplemente avultadas pedras cubertas de algas. Ademais, poden crear unha variedade de puntos, raias e manchas diferentes en cuestión de segundos para parecerse a calquera outra cousa que non sexa comestible.

Os polbos escóndense escorregando polas gretas entre as rochas ou os corais. Non teñen columna vertebral. En realidade, non teñen ningún óso e son totalmente flexibles. Ao non teren ósos, os polbos poden fluír como a auga e meter todo o seu corpo en calquera espazo diminuto. Coñéceselles por aparecer en lugares insospeitados. Atopáronse polbos en cunchas, en instrumentos científicos utilizados no océano e mesmo en botellas abandonadas no mar.

Algunhas veces, os polbos mesmo poden utilizar as cunchas para esconderse. Recollen as cunchas coas súas ventosas e logo envolven o seu corpo cos tentáculos, de xeito que só deixan as cunchas á vista. Ao pasar, os predadores pensan que o polbo só é unha morea de cunchas.

Un polbo escondido baixo cunchas.

Aprender a facer cousas

Un polbo chamado Frieda vivía nun acuario de Alemaña. Despois de ver que os seus coidadores e coidadoras xiraban a tapa dos botes de cristal con comida para abrilos, aprendeu a facelo ela mesma. Apertando a tapa contra o seu corpo e suxeitando o bote cos seus tentáculos, xiraba o seu corpo sen ósos para abrilo. Abría soamente os botes que contiñan a súa comida favorita, como cangrexos e gambas, e ignoraba os botes con peixe que comía a diario.

Nun centro de investigación mariña dos Estados Unidos, un polbo chamado Squirt aprendeu a pintar. Conseguiuno movendo unhas pancas que disparaban pintura nun lenzo. A súa “arte” vendíase para conseguir diñeiro e axudar a manter o acuario do polbo.

Frieda abrindo un bote de comida.



Squirt facendo "arte".

Manter os polbos ocupados

Á xente gústalle ver os polbos en acuarios que mostran o seu medio natural. Pero os polbos abúrrense facilmente, por iso o persoal dos acuarios ten que idear diferentes maneiras de manter os polbos ocupados. Por exemplo, danlles crebacabezas e xoguetes que poidan desmontar.

Nun acuario dos Estados Unidos, un polbo chamado Sammy divertíase xogando cunha bóla de plástico que podía montarse enroscando as dúas metades. O seu coidador poñía comida dentro da bóla e Sammy abríaa, comíaa e volvía pechala cando terminaba.

Un polbo xogando cun xoguete no seu acuario.

Recoñecer os seus coidadores e coidadoras

Ademais dos xoguetes e dos crebacabezas, aos polbos gústalles cando os seus coidadores e coidadoras pasan tempo tocándoos e xogando con eles. Cando os polbos ven que os seus coidadores e coidadoras se achegan para darlles comida e acariñan as súas cabezas, póñense vermellos para mostrar que están encantados. Poden tamén saudar os seus coidadores e coidadoras poñéndose de pé sobre os seus tentáculos e inclinándose cara adiante. Sábese que poden saltar coas súas “pernas” traseiras mentres moven os “brazos” para chamar a atención dos seus coidadores e coidadoras.

Aos polbos gústalles a compañía tanto como a comida. Cando terminan de comer, levantan un tentáculo e logo outro, deslizándoos sobre as mans e os brazos dos seus coidadores e coidadoras. Os dous agárranse polos brazos, cos polbos usando suavemente as súas ventosas.

Un polbo agarrándose aos brazos da súa coidadora.

1.
Segundo o artigo, que afirmacións sobre os polbos son verdadeiras?
Marca todas as respostas que consideres.

- [ ] Teñen corpos redondeados
- [ ] Teñen oito longos tentáculos.
- [ ] Só viven en zonas frías do océano.
- [ ] Gústalles comer cangrexos e peixes pequenos.
- [ ] Capturan a comida coa boca.

2.
Que usan os polbos como portas nas súas goridas?

1

3.
O artigo di que os polbos son "expertos en camuflarse".
Que quere dicir?

(A) Poden parecerse a calquera outra cousa.

(B) Nadan moi rápido.

(C) Poden lanzar tinta escura.

(D) Poden adoptar diferentes formas.

4.
Os polbos non teñen ósos. Que poden facer grazas a isto?

(A) Esconderse con outros polbos.

(B) Agarrarse ás rochas.

(C) Meterse en espazos diminutos.

(D) Parecer algas.

5.
Os polbos son famosos por apareceren en lugares non habituais.
Indica un exemplo que apareza no texto.

1

6.
Indica dúas maneiras de escapar dos seus predadores que teñen os polbos.

1 **1.**

1 **2.**

7.
Que aprendeu a facer o polbo Frieda?

1

8.
Que aprendeu a facer o polbo Squirt?

(A) Facer debuxos do acuario.

(B) Mover pancas para disparar pintura nun lenzo.

(C) Lanzar a súa tinta como pintura nun lenzo.

(D) Utilizar os seus tentáculos como dedos para pintar.

9.
Cres que o autor pensa que o polbo Squirt pinta ben?
Marca a túa resposta.

- [ ] Si
- [ ] Non

Indica un argumento que apareza no texto.

1

10.
Por que o persoal do acuario lles dá crebacabezas aos polbos?

1

11.
Con que xoguete lle gustaba xogar a Sammy?

1

12.
Que dúas cousas fan os polbos para mostrar que están contentos ao veren os seus coidadores?

1 **1.**

1 **2.**

13.
Aos polbos gústalles que os seus coidadores e coidadoras os toquen. Que fan os polbos para mostrar isto?

(A) Facer crebacabezas cos seus coidadores e coidadoras.

(B) Saltar arriba e abaixo cando teñen fame.

(C) Levantarse e agarrarse aos brazos dos seus coidadores e coidadoras.

(D) Comer toda a súa comida.

14.
O autor pensa que os polbos son "fascinantes". Indica tres exemplos de cousas que os polbos dos acuarios aprenderon a facer que son fascinantes.

1 **1.**

1 **2.**

1 **3.**

13.
Segundo o que liches no artigo, os acuarios son bos para os polbos?
Marca a túa respuesta.

- [ ] Si
- [ ] Non

Dá un argumento que xustifique a túa resposta.

1

Original ID	TheAmazingOctopus
Title	The Amazing Octopus
Answer code	
Images	